RESOLUCIÓN DE LA ALCALDIA

Sra. Alcaldesa – Presidenta

Dª. María Dolores García Giménez

De conformidade co establecido na Lei 30/2007 do 30 de Outubro de Contratos do Sector Público, no Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro, no Real Decreto 817/2009, de 8 de maio e no Real Decreto Lei 13/2009 do 26 de outubro, iniciouse procedemento de licitación para a adxudicación do servizos consistente na Asistencia Técnica para a redacción do proxecto técnico básico e de execución (incluído estudio de seguridade e saúde), e dirección de obra por Arquitecto/a de "Centro Socio-Cultural de Trabanca Sardiñeira", financiado polo «Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad-Gobierno de España»

Visto o expediente incoado con motivo da contratación do servicios de referencia mediante procedemento negociado sen publicidade e tramite urxente, dividido en dous lotes e co seguinte presuposto de licitación:

Lote 1: Redacción do proxecto básico e de execución (incluído estudio de seguridade e saúde)

Orzamento de licitación	**Sen IVE** 16.740,00€	**IVE** 2.678,40€	**TOTAL** 19.418,40€

Lote 2: Dirección de obra por arquitecto/a:

Orzamento de licitación	**Sen IVE** 7.450,00€	**IVE** 1.192,00€	**TOTAL** 8.642,00€

Remitida invitación para a presentación de ofertas as seguintes empresas: D. Constancio Plaza Berguices, D. Ildefonso Estévez Martínez e A.B. Arquitectura, S.L.P., presentou a correspondente plica D. Ildefonso Estévez Martínez.

Una vez abertas as plicas, coa data 8 de marzo de 2010, e efectuadas as correspondentes valoracións, resultou que a oferta mais vantaxosa, en aplicación dos criterios obxectivos de adxudicación, é a presentada por D. Ildefonso Estévez Martínez.

En consecuencia, esta Alcaldía, de conformidade co artigo 135.3 e 4 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, vista a Resolución da Alcaldía 29 de xullo de 2009, pola que se delegou na Xunta de Goberno Local distintas competencias en materia de contratación, do disposto polo artigo 21 da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local:

RESOLVE

1.- Adxudicar provisionalmente a D. Ildefonso Estévez Martínez o contrato de servizos consistente na Asistencia Técnica para a redacción do proxecto técnico básico e de execución (incluído estudio de seguridade e saúde), e dirección de obra por Arquitecto/a de "Centro Socio-Cultural de Trabanca Sardiñeira", financiado polo «Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad-Gobierno de España», por un prezo de 24.190,00€ (sen IVE), o que lle corresponde un IVE de 3.870,40€, totalizándose a oferta en 28.060,40€ IVE incluído (vinteoito mil sesenta euros con corenta céntimos), con cargo a partida 334-62201 do presuposto ordinario do Concello, cun prazo de execución para a redacción do proxecto de 21 días; sendo a duración da asistencia técnica correspondente á Dirección de Obra ó da duración da execución desta, de conformidade coa súa propia oferta e coa seguinte desagregación:

Redacción proxecto (incluído estudio de seguridade e saúde) básico e de execución	**Dirección de Obra**
Sen IVE.- 16.740,00€	Sen IVE.- 7.450,00€
IVE.- 2.678,40€	IVE.- 1.192,00€
Total IVE incluído.- 19.418,40€	Total IVE incluído.- 8.642,00€

2.- Comunicarlle o adxudicatario provisional que, no prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte á publicación da adxudicación provisional no perfil do contratante, deberá presentar conforme ó disposto na Cláusula 13.10 do Prego de Cláusulas Administrativas a seguinte documentación:

- Documentación xustificativa de atoparse o corrente no cumprimento as obrigas tributarias (Administración do Estado, Autonómica e do Concello de Vilagarcía de Arousa) e coa Seguridade Social.
- Certificación de alta no IAE no exercicio e no enderezo fiscal, ou recibo acreditativo do aboamento do derradeiro recibo do imposto correspondente á actividade concreta que se oferta, acompañado dunha declaración responsable asinada polo licitador na que se faga constar que non se dou de baixa na matrícula do imposto. No caso de esta rexento deste imposto presentará declaración xustificativa ó respecto.
- Resgardo acreditativo da constitución na Tesourería Municipal de garantía por importe do 5% do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE.

3.- Notifíquese a presente resolución ós licitadores e publíquese no perfil do contratante.

Así o manda e asina a Sra. Alcaldesa, a oito de marzo de dous mil dez, ante mín, Secretaria Xeral que tomei razón.

Excmo. Concello de VILAGARCÍA DE AROUSA ALCALDIA

Excmo. Concello de VILAGARCÍA DE AROUSA SECRETARIA